



Concello de
OURENSE

57/21. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE DECEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o dezasete de decembro de dous mil vinte e un, *sendo as trece horas e quince minutos (13h:15')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: D. Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e D. Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta, non asiste D. Telmo Manuel Ucha Álvarez e Don Jorge Pumar Tesouro*, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández e o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; non asistindo o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor) a ratificación da Urxencia da sesión.

ALCALDÍA

2.- Subvención nominativa ao Colexio de Enfermería de Ourense para gastos da celebración do centenario da organización colexial realizados en 2020 (adquisición de estatua en homenaxe á enfermería e edición de libro conmemorativo). Expediente nº 2021034661

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º) Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, autorizando e comprometendo o gasto correspondente, por importe de 3.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria S.120.9120.78000 do vixente orzamento, aprobando igualmente o convenio regulador da dita subvención conforme ao texto proposto polo coordinador xeral de Administración municipal que obra no expediente como documento nº 19 con CSV: nº GXN1CMBR5HYM7GXI., nos seguintes termos:

- Beneficiaria: Colexio Oficial de Enfermería de Ourense
- CIF: Q3266003G
- Obxecto: gastos da celebración do centenario da organización colexial realizados en 2020 (adquisición de estatua en homenaxe á enfermería e edición de libro conmemorativo).
- Importe: 3.000 euros
- Condicións: as recollidas no convenio regulador da subvención.
- Aplicación orzamentaria: S.120.9120.78000
- RC: Nº de operación 202100064135.

2º) Notifíquese á entidade interesada.

3º) Déase traslado á Tesourería municipal, para os efectos contables oportunos.



ASUNTOS SOCIAIS

3.- Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e o Banco de alimentos de Ourense. Ano 2021. Expd.:2021037355

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e o Banco de Alimentos de Ourense con CIF G32223182 para financiar o PROXECTO DE BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE.

2.- Aprobar o gasto por importe de 21.000,00 € con cargo á partida 140.2318.48950 do vixente orzamento.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

4.- Aprobación convenio entre o Concello de Ourense e a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (ADO). Ano 2021. Expd.:2021036512.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e a Asociación de Persoas con Discapacidade de Ourense (ADO), con CIF G32410797 para financiar o PROXECTO DE FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DA AUTONOMÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

2.- Aprobar o gasto por importe de 21.000,00 € con cargo á partida 140.2318.48920 do vixente orzamento.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

5.- Convenio entre o Concello de Ourense e "POR ELES TEA" para o ano 2021. Expd.:2021037358

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e a Asociación Por Eles TEA Ourense, con CIF G32490278 para financiar o PROXECTO DE CAMPAMENTO INCLUSIVO PARA NENAS E NENOS CON TEA E DIFICULTADES DE INTERACCIÓN SOCIAL.

2.- Aprobar o gasto por importe de 6.400,00€ con cargo á partida 140.2318.48930 do vixente orzamento.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

6.- Aprobación asinación de Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e Cáritas para o desenvolvemento do Comedor Social. Expd.: 2021037353.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:



1.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e Cáritas Diocesana de Ourense con CIF R3200098F para financiar o PROXECTO DO COMEDOR SOCIAL.

2.- Aprobar o gasto por importe de 250.000,00 € con cargo á partida 140.2318.48011 do vixente orzamento.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

7.- Aprobación Convenio Cruz Roja Española. Año 2021. Expd.: 2021037003

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e CRUZ ROJA ESPAÑOLA co CIF Q2866001G para o financiamento do Proxecto de Acollida -Valoración e Resposta Inmediata no Concello de Ourense, consonte a subvención nominativa recollida no vixente orzamento municipal.

2.- Aprobar, dispoñer o gasto a favor da CRUZ ROJA ESPAÑOLA co CIF Q2866001G por importe de 36.893 € (trinta e seis mil oitocentos noventa e tres euros) con cargo á partida S140.2318.48960 do orzamento municipal vixente.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura do presente convenio.

8.- Aprobación Convenio de colaboración Asoc. Familiares Enfermos de Alzheimer (AFAOR), para el año 2021. Expd.: 2021036504.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración e patrocinio entre o Excmo. Concello de Ourense e a Asociación de Familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Ourense (AFAOR) con numero de CIF G32198970 para o financiamento dos “Obradoiros de estimulación cognitiva” e de “Axudas Técnicas” para enfermos de Alzheimer e outras demencias de Ourense, consonte a subvención nominativa recollida no vixente orzamento municipal.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 35.000 € (trinta e cinco mil euros) con cargo á partida 140.2318.48940 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde-presidente para a sinatura deste convenio e a realización dos trámites precisos para a súa efectividade.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente*, levantou a sesión ás trece horas e trinta minutos (13h:30'), do que como *Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local* dou fe.

